

As actividades que se desenvolveron no obradoiro foron fundamentalmente prácticas, e resumindo, consistiron en:

1. Unha reflexión sobre **o valor da palabra**, facendo exercicios consistentes en ver unha lista de dez palabras que a cada asistentes lle suxería unha palabra pronunciada ao azar (así, a palabra Museo ou a palabra neve). Os rapaces, de entre 10 e 17 anos puideron ver que algunhas das palabras evocadas eran comúns, outras non.
2. Con dúas palabras suxeridas por eles ao azar, construír un relato. As palabras foron **can e guerra**.
3. A raíz dos relatos que fixeron, apareceu unha nova suxerencia, explicar (cada un ao seu xeito e mediante un novo relato), **por que os cans se cheiran o cu uns a outros**.
4. A continuación escribiron un conto en clave obrigada. Neste caso tratábase de recontar o conto da Borrallenta, pero supoñendo que os zapatos, en vez de ser de cristal, eran de pel de crocodilo: **o zapato de pel de crocodilo**.
5. Iso deu pe a outro conto tirado da tradición oral, pero que eles revolveron poñendo novas condicións: **A casiña de verduras** (en vez da casiña de chocolate), que ocupa o lugar do Concello de Lugo e na que a bruxa é diabética.
6. Un novo exercicio, este de descrición. Propúxenlles tres seres inexistentes: o **Correverás, o Saltaparedes, o Mirapratás**, e eles describíronos, cada un de maneira completamente distinta.
7. A continuación relataron as **aventuras do Correverás, o Saltaparedes, o Mirapratás**.
8. Para rematar coa prosa, escribiron un conto sen obrigacións de ningún tipo, a non ser que tiña que situarse no Museo de Lugo: **o conto do museo**.
9. Despois, por petición deles, pasamos á poesía. Construíron cada un (pero podía traballar en grupo), tres **limericks** (poemas absurdos).